



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2025/G003/000240

DECRETO

ASUNTO: PETICION AUTORIZACION AMPLIACION DE HORARIO DE PECHE (2 HORAS) DO CAFE-BAR SITO NA RÚA FEDERICO AVILA, 8 DE FISTERRA, OS DIAS 17,18,19 E 20 DE ABRIL DE 2025, CON MOTIVO DA CELEBRACION DAS FESTAS DE SEMANA SANTA 2025.

EXPEDIENTE: 2025/G003/000240

ANTECEDENTES:

Visto o escrito presentado co número 2025/000/00000534 (RXE) de 11/04/2025 por Carla Martínez López, con domicilio de notificacións telemáticas a través do mail carlafisterra92@gmail.com, no que como rexente do café bar denominado "O Canario", e con motivo da celebración das festas da semana santa do ano 2025, solicita a ampliación do horario de peche para a noite dos días 17, 18, 19, e 20/04/2025.

Considerando, que a Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, establece no artigo 9 de ampliación de horarios:

"1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. Para os efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º) Acceder ao solicitado por Carla Martínez López, e autorizar con carácter excepcional e de maneira expresa a ampliación en dúas (2) horas do horario de peche do café bar que rexenta na rúa Federico Ávila, 8 desta vila, para as noites do días 17, 18, 19, e 20/04/2025 en base á tradicional celebración dos festexos de Semana Santa nesta localidade.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2025/G003/000240

Considerando que o horario xeral de remate dos espectáculos públicos é ás 2:30 horas, e este horario ampliarase con carácter xeral media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites de vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Considerando a ampliación de 2 horas, o horario xeral de peche do establecemento queda establecido para as 5:00 horas. A esta hora iniciárase o desaloxo dos asistentes nun tempo máximo de 30 minutos.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3º) Notificar este acordo á Subdelegación do Goberno na Coruña, ao posto da Garda Civil de Corcubión e á Policía Local para o seu coñecemento e demais efectos.

4º) Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, así como por medios electrónicos e en lugares de concorrencia pública. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña, en virtude do establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5º) Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mándao e asina a Sra. Alcaldesa en Fisterra, o luns 14 de abril de 2025, o que eu, como Secretario, dou fe.

A ALCALDESA,

Áurea Domínguez Sisto

ANTE MIN

O SECRETARIO-INTERVENTOR,

Marcos Vázquez Campaña